Bos días familias, o día 23 de abril é o Día de Libro, un acontecemento que sempre conmemoramos todos xuntos no cole; xa que este ano iso non pode ser, propoñémosvos unhas cantas actividades por se vos animades a facelas en familia.

Moito ánimo a todos, cada día estamos máis preto de poder compartir momentos xuntos!

- ✓ Proposta 1.

Facer unha sesión de contacontos en familia: escollede un conto que vos guste e contádello ao resto da vosa familia.

- ✓ Proposta 2.

Ler un conto de xeito compartido entre toda a familia.

- ✓ Proposta 3.

Mímica: representa mediante xestos personaxes dos contos para que o resto da familia o adiviñe.

- ✓ Proposta 4.

Sesión de cine: preparade flocos de millo e mirade unha película que estea baseada na historia dun libro.

- ✓ Proposta 5.

Recital de poesía: busca unhas poesías que che gusten e monta un recital na túa casa.

- ✓ Proposta 6.

Adiviña que conto é: dando pequenas pistas ou con debuxos sobre o conto o resto da familia ten que adiviñar en que conto estás pensando. Mirade, coma este xogo das Bibliotecas Municipais do Concello de Culleredo.




- ✓ Proposta 7.

Crea un marcador: fai un marcador para ti ou para facer un agasallo a quen che apeteza. Aquí van algunhas opcións:



Una, dos y tres, a mi me gusta leer





Cuanto más se lee menos se imita







Los libros me enseñaron a pensar, y el pensamiento me hizo libre

Yo soy lo que he leído.



23 DE ABRIL
DÍA DEL LIBRO

Leyendo, leyendo... disfruto y aprendo.



23 DE ABRIL
DÍA DEL LIBRO

Descubre el mundo de fantasía que guarda cada libro



23 DE ABRIL
DÍA DEL LIBRO

Descubre el mundo de fantasía que guarda cada libro



23 DE ABRIL
DÍA DEL LIBRO

- ✓ Proposta 8:

Teatrillo: fai títeres de dedo e monta un espectáculo teatral na túa casa. Aquí van algunhas ideas:













Colle
Colle

- Proposta 9:

Fai un minilibro; aquí podedes atopar as instrucións:

https://biblioabrazo.wordpress.com/2013/04/18/hacemos-mini-libros/

- Proposta 10:

Aprende cousas sobre " O Quijote". Neste enlace atoparás moita información:

https://biblioabrazo.wordpress.com/2013/04/18/hacemos-mini-libros/

- Proposta 11:

Fai un dado para inventar novas historias. Aquí podes atopar ideas:

https://creatificando.wordpress.com/2013/09/30/peques-cuentacuentos-dados-para-contar-historias/

- Proposta 12:

Disfruta da lectura: busca un libro que che guste e vaite ao teu rincón favorito da casa para pasar un "bo rato viaxando".

